



.....

Xornada

Intérpretes galegas na emigración e no exilio

.....

Teatro Principal

Santiago de Compostela

Venres, 15 de marzo de 2024



A escena galega ten un gran patrimonio teatral fóra das nosas fronteiras. As actrices Manuela Rey, María Casares, Maruxa Villanueva ou a cantante lírica Dorinda Rodríguez son exemplos de intérpretes galegas na diáspora durante os séculos XIX e XX, pero moitas delas son descoñecidas para o gran público e pouco estudadas. Por iso, no contexto da celebración do Día Internacional das Mulleres e coincidindo coas funcións teatrais da coprodución *Manuela Rey is in da house* no Teatro Principal de Santiago de Compostela, na que participan o Centro Dramático Galego, o Teatro Nacional São João, o Teatro Nacional Dona Maria II e o Teatro do Noroeste – Centro Dramático de Viana, organizamos unha xornada dedicada ás intérpretes galegas na emigración e no exilio, co propósito de estimular o debate arredor da visibilización e o recoñecemento destas figuras femininas, resaltando tanto a súa vida e obra como o seu proxecto artístico.

Esta xornada constitúe unha oportunidade para reivindicar o legado cultural destas mulleres, analizar o seu impacto na escena teatral local e internacional e explorar tanto a súa contribución artística como a súa influencia na configuración de identidades culturais diaspóricas, ademais de profundar na nosa comunicación coas comunidades galegas no exterior.

Imaxe: Manuela Rey, restauración a cargo de Gerard Fuentes, deseñador da Universidade de Santiago de Compostela.

Programa

16:15 horas

Presentación

16:30 horas

Mesa de conversa: *Manuela Rey, da actriz á personaxe*

Paula Ballesteros, actriz, arqueóloga, colaboradora do INCIPIT-CSIC

Mariana Carballal, creadora escénica e audiovisual e docente da UVigo

Antonio Reigosa, escritor e autor da biografía de Manuela Rey no Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega)

Modera: **Cristina Domínguez Dapena**, docente da ESAD-Galicia e coordinadora da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega

17:45 horas

Mesa de relatorios *Creadoras escénicas galegas da diáspora*

Ser actriz na comunidade galega de Bos Aires nas décadas centrais do século XX

Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, Universidade da Coruña

María Casares, refuxiada

Arancha Estévez Lavandeira, xornalista, xestora cultural e autora do libro *María Casares. A célebre refuxiada, a descoñecida*

Voces galegas de ouro polo mundo: o caso de Dorinda Rodríguez

María del Carmen Lorenzo Vizcaíno, Real Filharmonía de Galicia - Universidad Internacional de La Rioja

Modera: **Inma López Silva**, escritora, integrante do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG e docente da ESAD-Galicia

19:00 horas

Remate da sesión

Organiza

Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Colaboran

Centro Dramático Galego
Concello de Santiago de Compostela
Xunta de Galicia

Coordinan

Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes
Cristina Domínguez Dapena
Fran Núñez

Lugar

Teatro Principal
Rúa Nova, 21
15705, Santiago de Compostela

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado polas dimensións do espazo (30 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:



Colabora:

